

Rolda final de intervención da CIG-Ensino

Respecto e dignidade ao profesorado

Nos últimos tempos a fartura do profesorado ante a falta de respecto e, en moitos casos, o maltrato por parte da administración está chegando a límites insoportábeis. Tras o acontecido no IES As Lagoas de Ourense, no que a Consellaría de Educación se puxo totalmente de lado sen ningún tipo de apoio público ao claustro e ao equipo directivo, instamos á Dirección Xeral a reflexionar e a cambiar radicalmente de actitude, porque xa vai tarde.

Na Consellaría dan mostras continuas de vivir á marxe do que pasa nos centros educativos pero podemos asegurar sen ningunha dúbida que neste tema xogan ademais á contra, grazas á colaboración dalgunhas inspeccións que non sabemos até que punto están condicionadas pola presión do seu departamento ou é por iniciativa propia. Temos denunciado en reiteradas ocasións que a función da inspección non é a de comisariado político da administración. Ultimamente nalgúns centros vimos actitudes de censura relacionadas con Altri ou con iniciativas de solidariedade coas vítimas das guerras de Ucraína e Gaza. Chegou a haber chamadas de atención porque no Día da Paz se colgou material no valado dos centros poñendo de manifesto os crimes que se levan cometido contra a infancia en Palestina.

A administración di que está traballando no tema, que as instrucións de comezo de curso xa van ter avances, que están buscando solucións para dar maior soporte ao profesorado.

En canto á censura, non a recoñecen como tal, e din que van en contra da lei calquera expresión ideolóxica.

Lei de educación dixital

Hai un par de meses xa denunciámos que era un despropósito que a Consellaría non se tivera reunido coa representación do profesorado para presentarnos a Lei de educación dixital, como si se fixo con outros axentes da comunidade educativa. Hai uns días soubemos que tamén se mantivo unha reunión con entidades de atención a diversidade para falar da “Estratexia de inclusión educativa” que onte mesmo se aprobou no Consello da Xunta sen nin sequera ter sido contrastada coa representación profesorado. O Conselleiro nomeou este proceso como de “escoita activa”, e por suposto parécenos positivo que se escoite as familias e asociacións afectadas, pero é impresentable que non o faga co profesorado, polo que entendemos que máis ben é unha “escoita selectiva”. En todo caso non se pode entender ningún proxecto de inclusión nin de atención a diversidade sen un incremento de docentes, principalmente persoal orientador, PT e AL e con continuidade nos centros, é dicir con carácter definitivo.

Negan que non se escoite ao profesorado, e en canto teñan o borrador da Lei dixital traerano á mesa.

Excedencia por coidado de familiar

Vimos de gañar hai unhas semanas unha demanda interposta á Consellaría de Educación por non considerar o tempo en excedencia por coidado de familiares como servizo activo, neste caso na convocatoria das licenzas de formación.

Queremos saber se a Consellaría vai mudar o criterio despois deste fallo para a próxima convocatoria das licenzas de formación ou calquera outra convocatoria na que se exixa tempo de servizo activo previo.

Exención tribunais dos PIALE

Tanto cando veu á mesa a convocatoria da oposicións como a do PIALE solicitamos que se autorizase a suplencia nun tribunal das oposicións a aquel profesorado que teña concedida a actividade da modalidade 2 ao coincidir no mes de xullo. Xa varias veces se nos dixo que si, que o indicarían pero a realidade é que non aparece en ningures. Polo que solicitamos que na resolución definitiva das persoas admitidas se recolla expresamente para que non haxa lugar a dúbidas por parte das presidencias dos tribunais en conceder a suplencia.

[Van ver como solucionan non telo incluído na convocatoria das oposicións, tal e como o solicitamos no seu momento, pero teñen claro que teñen exención.](#)

Baremo único

Despois dunha primeira reunión para unificar o baremos da varias convocatorias estamos agardando que se traia á mesa a proposta definitiva. En dita reunión fixéronse os apartados que tería dito baremo e a puntuación e, pendente de revisar polo subdirector de recursos humanos, quedou bastante perfilada. Tamén se acordou que ese baremo afectaría as convocatorias de atención preferente, de persoal asesor, de prazas sometidas a convenio e de equipos de orientación específicos. Quedou pendente de consultar coa Dirección xeral de innovación para ver se este baremo afectaría tamén á convocatoria de PIALE, polo que solicitamos información ao respecto.

[Están traballando para que a convocatoria do PIALE siga tamén o baremo unificado](#)

Temas DX de RRHH

Como non temos presentes nin ao director nin ao subdirector de recursos humanos non puidemos solicitar información sobre varios temas, como é saber se vai haber convocatoria de atención preferente, que ocorre coa exclusión das oposicións aos maiores de 65 anos ou como se vai solucionar o nomeamento das direccións das EPAPU.

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, 2º Andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 253 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal